

DÍA DA MULLER RURAL DO CONCELLO DE CULLEREDO

CELAS, SÁBADO 11 DE OUTUBRO

FEIRA DE ARTESÁAS DO DÍA DA MULLER RURAL

1. Esta feira que organiza o Concello de Culleredo, enmárcase dentro dunha xornada festiva para conmemorar o Día da Muller rural que se desenvolverá o vindeiro sábado **11 de outubro dende as 12.00h ata as 20.00h no parque da Torre de Celas**, ao redor da pista cuberta.
2. Convidanse a participar, preferentemente ás mulleres emprendedoras que teñan unha produción artesanal de creación e/ou elaboración propia, a fin de poñer en valor o traballo da muller do rural.
3. A participación nesta feira está exenta de taxas
4. As persoas que desexen participar nesta feira comprométense a aceptar as condicións que se establecen dende a organización
5. Poñerase a disposición un espazo para colocar postos de máximo 3 x 3 metros que deberá vir provisto dos materiais necesarios para a súa exposición, mesas, cadeiras, soportes...
6. A solicitude para participar farase a través do correo electrónico:
administracion.benestarsocial@culleredo.es
7. No correo deberase incluír a seguinte información:
 - Nome e apelidos da persoa interesada
 - DNI /CIF
 - Teléfono de contacto
 - correo electrónico, web ou redes sociais
 - Nome do posto ou dos produtos que expoña
 - Tipo de posto e medidas
8. O Prazo para presentarse será ata o 30 de setembro.
9. A participación nesta feira é totalmente voluntaria.
10. As persoas que desexen participar nesta feira comprométense a aceptar as condicións que se establecen dende a organización.

